

# MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**2225** *ORDE SCO/190/2004, do 28 de xaneiro, pola que se establece a lista de plantas cuxa venda ao público queda prohibida ou restrinxida por razón da súa toxicidade. («BOE» 32, do 6-2-2004)*

O artigo 42 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, establece as condicións xerais de utilización e comercialización dos medicamentos de plantas medicinais. Concretamente o seu punto 2 prevé que o Ministerio de Sanidade e Consumo elabore unha lista de plantas das cales esta restrinxida ou prohibida a venda ao público por razón da súa toxicidade.

O aumento do comercio e uso das plantas con fins medicinais que se está producindo nos últimos anos, aconsella o desenvolvemento da dita previsión legal co fin de garantir un elevado nivel de protección para a saúde dos consumidores.

En canto á vixilancia e ao control destas plantas medicinais e á súa adecuación ás previsións contidas nesta orde, réxense polas normas vixentes en materia de inspección e control de medicamentos, correspondendo o seu exercicio á Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e ás autoridades sanitarias das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, as entidades e asociacións profesionais e empresariais representativas do sector; así mesmo, foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade de información,

previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Esta orde, que ten a condición de lexislación sobre produtos farmacéuticos de acordo co establecido no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución e no artigo 2.1 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, desenvolve o artigo 42.2 da citada lei, onde, así mesmo, encontra a súa habilitación normativa.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispón:

**Primeiro.** Ámbito de aplicación.—Conforme co que establece o artigo 42.2 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, faise pública como anexo desta orde a lista de plantas cuxa venda ao público, así como a dos seus preparados, queda prohibida por razón da súa toxicidade e o seu uso e comercialización restrínxese á elaboración de especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistras, preparados oficinais, cepas homeopáticas e á investigación.

Para efectos do previsto nesta disposición, enténdense por preparados a base de plantas os obtidos mediante un proceso de fraccionamento, extracción, destilación, purificación ou calquera outro procedemento galénico, tanto das plantas que figuran no anexo coma das súas mesturas.

**Segundo.** Carácter da disposición.—Esta orde desenvolve o artigo 42.2 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e ten carácter de lexislación de produtos farmacéuticos, de acordo co establecido no artigo 149.1.16 da Constitución.

**Terceiro.** Entrada en vigor.—Esta orde entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 28 de xaneiro de 2004.

PASTOR JULIÁN

## ANEXO

### Lista de plantas cuxa venda ao público queda prohibida o restrinxida por razón da súa toxicidade

N.º	Nome científico	Familia botánica	Nome común	Toxicidade
1	<i>Abrus precatorius</i> L.	Fabaceae.	Xequirití. Regalicia americana.	Planta enteira.
2	<i>Aconitum</i> sp.	Ranunculaceae.	Acónito, napelo, matalobos.	Planta enteira.
3	<i>Acorus calamus</i> L.	Araceae.	Cálamo aromático.	Raíz.
4	<i>Actaea spicata</i> L.	Ranunculaceae.	Herva de San Cristovo.	Planta enteira.
5	<i>Adonis vernalis</i> L, <i>A. autumnalis</i> .	Ranunculaceae.	Adonis, Adonis vernal.	Planta enteira.
6	<i>Akebia</i> sp.	Lardizabalaceae.	Aquebia.	Planta enteira.
7	<i>Amanita muscaria</i> .	Amanitaceae.	Rebentaboís, brincaboís.	Fungo.
8	<i>Amanita pantherina</i> .	Amanitaceae.	Amanita panterina, cacaforra marxa.	Fungo.
9	<i>Amanita phalloides</i> .	Amanitaceae.	Amanita faloides, cacaforra da morte.	Fungo.
10	<i>Anadenanthera collubrina</i> (Vell.) Brenan.	Mimosaceae.	Anxico branco.	Leño; sementes.
11	<i>Anagallis arvensis</i> L.	Primulaceae.	Anagalis, anagálda.	Planta enteira.
12	<i>Anemona nemorosa</i> , <i>A. pulsatilla</i> . (= <i>Pulsatilla vulgaris</i> Miller).	Ranunculaceae.	Moruxes, maruxas Anémóna dos bosques, Pulsatilla e Nemorosa.	Planta enteira.
13	<i>Argyrea</i> sp.	Convolvulaceae.	Rosa lisérxica.	Sementes.
14	<i>Aristolochia</i> sp.	Aristolochiaceae.	Cabeza de cobra.	Planta enteira.
15	<i>Artemisia cina</i> (Berg.) Willkomm.	Asteraceae.		Capítulos florais.
16	<i>Arum maculatum</i> L, <i>A. italicum</i> , <i>A. vulgare</i> , <i>A. triphyllum</i> , <i>A. montanum</i> .	Araceae.	Xaro, xarro, corno, herba das anadas.	Raíz, froito.

N.º	Nome científico	Familia botánica	Nome común	Toxicidade
17	<i>Asarum sp.</i>	Aristolochiaceae.	Ásaro, bacariza.	Raíz.
18	<i>Asclepias vincetoxicum</i> L = <i>Vincetoxicum officinale</i> . Pers.	Asclepidaceae.	Vencetósego, herba contra-veleno.	Raíz.
19	<i>Atractylis gummifera</i> L.	Asteraceae.	Cardo do visgo Camaleón blanco.	Raíz.
20	<i>Atropa belladonna</i> L.	Solanaceae.	Beladona.	Planta enteira.
21	<i>Banisteriopsis caapi</i> .	Malpigiaceae.	Ayahuasca; caapí, yagé.	Raíz.
22	<i>Berberis vulgaris</i> L.	Berberidaceae.	Bérberis, arleira.	Casca, Casca raíz.
23	<i>Boletus satanas</i> .	Poliporaceae.	Boleto tóxico, Boleto de Satanás.	Fungo.
24	<i>Bragantia sp.</i>	Aristolochiaceae.	Bragantia.	Raíz.
25	<i>Brunfelsia bonodora</i> , <i>B. chiricaspi</i> , <i>B. eximia</i> , <i>B. grandiflora</i> , <i>B. hopeana</i> .	Solanaceae.	Xasmín do Paraguai, boas noites».	Raíz, rebentos.
26	<i>Bryonia dioica</i> .	Cucurbitaceae.	Boudaña, nouza.	Planta enteira.
27	<i>Buxus sempervirens</i> L.	Buxaceae.	Buxo.	Parte aérea.
28	<i>Cannabis sp.</i>	Moraceae.	Cánabo, cánabis.	Planta enteira.
29	<i>Catha edulis</i> .	Celastraceae.	Cata, kat.	Folla.
30	<i>Catha europaea</i> .	Celastraceae.	Cata, kat.	Folla.
31	<i>Cephaelis ipecacuanha</i> .	Rubiacaceae.	Ipecacuaña.	Raíz.
32	<i>Cerbera thevetia</i> = <i>Thevetia neriifolia</i> , <i>T. peruviana</i> (Pers.) K Schum, <i>Cerbera peruviana</i> .	Apocinaceae.	Noz de cogra, chapeu de Napoleón.	Planta enteira.
33	<i>Cheiranthus cheiri</i> L.	Brassicaceae.	Alelí amarelo.	Planta enteira.
34	<i>Chelidonium majus</i> L.	Papaveraceae.	Celidonia; ceruda, herba da andoriña; Bai qu cai.	Planta enteira.
35	<i>Chenopodium ambrosioides</i> L.	Quenopodiaceae.	Pazote, formigueira, herba da illarga.	Parte aérea, aceite esencial.
36	<i>Chrysanthemum cinerariifolium</i> (Trevir.) Vis.	Asteraceae.	Piretro.	Sumidad florida.
37	<i>Chrysanthemum Leucanthemum</i> . = <i>Leucanthemum vulgare</i> .	Asteraceae.	Margarida.	Sumidade florida.
38	<i>Cicuta maculata</i> .	Apiaceae.	Cicuta, cegude.	Planta enteira.
39	<i>Cicuta virosa</i> L.	Apiaceae.	Cicuta acuática.	Planta enteira.
40	<i>Citrullus colocynthis</i> (L) Schrad.	Cucurbitaceae.	Coloquintida.	Froito.
41	<i>Claviceps paspali</i> .	Clavicipitaceae.	Fungos/ascomicetos.	Fungo.
42	<i>Claviceps purpurea</i> (Fr) Tuzlane .	Clavicipitae Fungos/ ascomicetos.	Caruncho, dentón, cornizó.	Esclerocio.
43	<i>Clematis sp.</i>	Ranunculaceae.	Clemátide, herba de esmo-leiros, omiña.	Planta enteira.
44	<i>Clitocybe sp.</i>	Tricholomataceae.	Corneta, Señorita.	Fungo.
45	<i>Cocculus sp.</i>	Menispermaceae.	Colombo, calumba (e outras especies).	Froito.
46	<i>Colchicum autumnale</i> L.	Liliaceae.	Merendeira, tollemerendas.	Sementes.
47	<i>Coleus forskholii</i> = <i>Plectranthus barbatus</i> .	Lamiaceae.	Cóleo.	Parte aérea.
48	<i>Conium maculatum</i> L.	Apiaceae.	Cicuta maior, Cicuta.	Planta enteira.
49	<i>Conocybe sp.</i>	Tricholometaceae.	Conocybe, Teonanácatl, Fungo San Isidro, She-To.	Fungo.
50	<i>Convallaria majalis</i> L.	Liliaceae.	Lágrimas de San Pedro, lirio de maio.	Planta enteira.
51	<i>Convolvulus purga</i> = <i>Ipomoea purga</i> .	Convolvulaceae.	Xalapa, xalapa tuberosa, pataca de purga.	Raíz.
52	<i>Convolvulus scammonia</i> .	Convolvulaceae.	Escamónea.	Raíz, resina.
53	<i>Copelandia sp.</i>	Coprinaceae.	Copelandia.	Fungo.
54	<i>Coronilla varia</i> L.	Fabaceae. Papilionaceae.	Pascuiñas.	Planta enteira.
55	<i>Cortinarius orellanus</i> , <i>C. speciosissimus</i> .	Cortinariaceae.		Fungo.
56	<i>Corydalis ambigua</i> .	Fumariaceae.	Corydalis.	Raíz.
57	<i>Corydalis cava</i> , <i>Corydalis yanhusuo</i> W.T. Wang.	Fumariaceae.	Violeta bulbosa.	Raíz.
58	<i>Crotalaria spectabilis</i> .	Fabaceae.	Crotalarias.	Partes aéreas.
59	<i>Croton tiglium</i> L.	Flacourtiaceae (Croto- neaceae).	Croton.	Sementes.
60	<i>Cynanchum vincetóxicum</i> Pers.	Asclepidaceae.	Vincetósego.	Raíz.

N.º	Nome científico	Familia botánica	Nombre común	Toxicidade
61	<i>Cynoglossum officinale</i> L.	Boraginaceae.	Cinoglosa, lingua do can.	Planta enteira.
62	<i>Cytisus laburnum</i> (= <i>Laburnum vulgare</i> ).	Fabaceae.	Chuvia de ouro, laburno.	Planta enteira.
63	<i>Cytisus scoparius</i> (L.) Link (= <i>Spartium scoparium</i> L.).	Fabaceae.	Xesta negra.	Partes aéreas.
64	<i>Daphne mezereum</i> . <i>Daphne gnidium</i> .	Timelaceae.	Mezéreon, Trovisco.	Planta enteira.
65	<i>Datura stramonium</i> L. <i>D. tátula</i> . <i>D innoxia</i> Mill.; <i>D metel</i> L;	Solanaceae.	Figueira tola, figueira do inferno, gorgullo; saia branca. Floripondio. Túnica de Cristo	Folla, sementes
66	<i>Delphinium</i> sp.	Ranunculaceae.	Pé de andoriña (D. Staphisagria), herba piolleira (D. Consolida) Estafisagria, consolda real.	Planta enteira.
67	<i>Dieffenbachia</i> sp.	Araceae.		Planta enteira.
68	<i>Digitalis</i> sp.	Scrophulariaceae.	Abeluria, croques, estraloques, sanxoán.	Partes aéreas.
69	<i>Diploclisia</i> sp.	Menispermaceae.	Xiang fangchi.	Planta enteira.
70	<i>Dryopteris filix-mas</i> L.	Polypodiaceae.	Fento macho.	Planta enteira.
71	<i>Duboisia myoporoides</i> R. Br.	Solanaceae.	Piturí.	Folla.
72	<i>Ecballium elaterium</i> .	Cucurbitaceae.	Cogombro do demo.	Froito.
73	<i>Ephedra</i> sp.	Ephedraceae.	Efedra, ma huang.	Partes aéreas.
74	<i>Erythroxylon</i> sp.	Erythroxylaceae.	Coca; catuaba.	Planta enteira.
75	<i>Eupatorium purpureum</i> , <i>E. rugosum</i> Houttuyn.	Asteraceae.	Eupatorio.	Planta enteira.
76	<i>Euphorbia</i> sp.	Euphorbiaceae.	Leiterena; garridos.	Planta enteira.
77	<i>Evonymus europaeus</i> L, <i>E. atropurpureus</i> Jacquin.	Celastraceae.	Evónimo, bonete de crego, fuseira.	Planta enteira.
78	<i>Exogonium purga</i> (Wenderot) Benth.	Convolvulaceae.	Xalapa.	Raíz, Sementes.
79	<i>Galerina marginata</i> ; <i>G autumnalis</i> ; <i>G unicolor</i> .	Cortinariaceae.	Fungo.	
80	<i>Gelsemium sempervirens</i> L.	Loganiaceae.	Xelsemio.	Raíz.
81	<i>Genista tinctoria</i> L.	Fabaceae. Papilionaceae.	Piorno dos tintureiros.	Partes aéreas.
82	<i>Gloriosa superba</i> L.	Liliaceae.	Gloriosa, araña, gadoupas de tigre.	Planta enteira.
83	<i>Gratiola officinalis</i> .	Scrophulariaceae.	Graciola, graciosa.	Planta enteira.
84	<i>Grewia</i> sp.			
85	<i>Gyromitra esculenta</i> ; <i>G. Gigas</i> .	Helvellaceae.		Fungo.
86	<i>Hedera helix</i> L.	Araliaceae.	Hedra, areira.	Folla, froito, resina.
87	<i>Heliotropium</i> sp.	Boraginaceae.	Heliótropo.	Planta enteira.
88	<i>Helleborus niger</i> , <i>H. foetidus</i> L., <i>H. viridis</i> L.	Ranunculaceae.	Rosa do Nadal, herba do gando, herba chaveira.	Planta enteira.
89	<i>Helvella</i> sp.	Helvelaceae.		Fungo.
90	<i>Hydrastis canadensis</i> L.	Ranunculaceae.	Curcuma canadense, gondelseal, hidraste.	Raíz.
91	<i>Hyosciamus niger</i> L.	Solanaceae. Saceae.	Meimendro negro.	Folla, inflorescencias.
92	<i>Ilex aquifolium</i> L.	Aquifoliaceae.	Acivo, aceviño, xardón.	Partes aéreas.
93	<i>Illicium anisatum</i> L. (= <i>I. religiosum</i> Sieb. & Zucc.; <i>I. japonicum</i> ).	Magnoliaceae.	Badiana do Xapón, anis estrelado do Xapón, shikimi.	Froito.
94	<i>Inocybe</i> sp.		«Bruxas» e outras especies.	Fungo.
95	<i>Ipomoea purga</i> = <i>Convolvulus purga</i> .	Convolvulaceae.	Xalapa, Xalapa tuberosa, pataca de purga.	Raíz.
96	<i>Ipomoea turpethum</i> R. Brown.	Convolvulaceae.	Turbit.	Raíz.
97	<i>Ipomoea violacea</i> L (= <i>I purpurea</i> ).	Convolvulaceae.	Ololiuqui; bodo negro.	Raíz.
98	<i>Juniperus sabina</i> L.	Cupressaceae.	Sabina.	Planta enteira.
99	<i>Lactarius torminosus</i> (Fr.) Gray.	Agaricaceae.	Níscaro falso.	Fungo.
100	<i>Lactuca virosa</i> L.	Asteraceae.	Leituga brava.	Planta enteira.
101	<i>Lathyrus sativus</i> L.	Fabaceae.	Almortas, chícharos cadrados, pedrelos.	Sementes.
102	<i>Ledum palustre</i> L.	Ericaceae.		Planta enteira.
103	<i>Lepiota elveola</i> , <i>L. Joserandii</i> , <i>L. Fuscovinacea</i> , <i>L. Lilacea</i> , <i>L. Pseudoelveola</i> , <i>L. Subincarnata</i> .	Agaricaceae.	Romeu silvestre.	Fungo.

N.º	Nome científico	Familia botánica	Nome común	Toxicidade
104	<i>Leucanthemum vulgare</i> .	Asteraceae.	Maragarida.	Sumidade florida.
105	<i>Lobelia inflata</i> L.	Campanulaceae.	Lobelia.	Planta enteira.
106	<i>Lophophora williamsii</i> = <i>Echinocactus williamsii</i> .	Cactaceae.	Peiote, mescal	Planta enteira.
107	<i>Lupinus reflexus</i> L .	Fabaceae.	Lupino.	Sementes.
108	<i>Magnolia officinalis</i> Rehd et Wils.	Magnoliaceae.	Magnolia china.	Planta enteira.
109	<i>Mallotus philipensis</i> (Lam.) Müller-Arg.	Flacourtiaceae (Crotonaceae).	Kamala.	Froito, grándulas, tricomas, raíz.
110	<i>Mandragora officinarum</i> L. M. autumnalis.	Solanaceae.	Mandrágora.	Planta enteira.
111	<i>Melaleuca alternifolia</i> L.	Myrtaceae.	Árbore do té australiano.	Folla.
112	<i>Melia azedarach</i> L.	Meliaceae.		Froito, folla.
113	<i>Menispermum canadense</i> .	Menispermaceae.		Raíz.
114	<i>Nerium oleander</i> L (relacionada con <i>thevetia</i> ).	Apocynaceae.	Loendro, adelfa.	Planta enteira.
115	<i>Nierembergia veitchii</i> , <i>N. aristata</i> ).	Solanaceae.		Planta enteira.
116	<i>Nigella damascena</i> L.	Ranunculaceae.	Nichela.	Planta enteira.
117	<i>Oenanthe crocata</i> .	Apiaceae.	Pé de boi.	Planta enteira.
118	<i>Oenanthe phellandrium</i> Lam.	Apiaceae.	Pé de boi azafranado.	Froito.
119	<i>Paeonia officinalis</i> L.	Ranunculaceae.	Peonia.	Flores.
120	<i>Papaver somniferum</i> L.	Papaveraceae.	Dormideira.	Planta enteira.
121	<i>Paris quadrifolia</i> L.	Liliaceae.	Uva de raposa.	Planta enteira.
122	<i>Pausinystalia johimbe</i> (k. Schum.) Pierre ex. Beille.	Rubiaceae.	loimbe.	Planta enteira.
123	<i>Peganum harmala</i> .	Zigofilaceae.	Ruda siria.	Planta enteira.
124	<i>Petasites</i> sp .	Asteraceae.	Petasites.	Folla, rizoma.
125	<i>Petroselinum crispum</i> (Mill.) Nym. Ex A. W. Hill.	Apiaceae.	Perexil salvaxe.	Froito.
126	<i>Philodendron</i> sp.	Araceae.		Planta enteira.
127	<i>Physalis alkekengi</i> L.	Solanaceae.	Alquequenxe.	Froito, raíz.
128	<i>Physostigma venenosum</i> Balfour.	Fabaceae; Papilionaceae.	Faba do Calabar.	Sementes.
129	<i>Phytolacca</i> sp.	Phytolaccaceae.	Herba dos cachos, herba tintureira.	Raíz, sementes.
130	<i>Pilocarpus jaborandi</i> Holmes.	Rutaceae.	Xaborandí.	Folla.
131	<i>Piper betel</i> L.	Piperaceae.	Bétel.	Planta enteira.
132	<i>Piper methysticum</i> G. Foster.	Piperaceae.	Kava-Kava, cava-cava.	Planta enteira.
133	<i>Piptadenia peregrina</i> .	Fabaceae.	Yopo, anxico vermello.	Sementes.
134	<i>Pluteus</i> sp.	Amanitaceae.		Fungo.
135	<i>Podophyllum peltatum</i> L. <i>P. emodi</i> .	Berberidaceae.	Podófilo de América do Norte (Mayapple), Podófilo da India.	Raíz.
136	<i>Polypodium filix-mas</i> L.	Polipodiaceae/filicineae.	Fento macho.	Raíz.
137	<i>Prunus laurus cerasus</i> L.	Rosaceae.	Falso loureiro.	Froito.
138	<i>Psilocybe</i> sp.	Tricholometaceae.		Fungo.
139	<i>Pulsatilla vulgaris</i> Miller = <i>Anemona pulsatilla</i> , <i>A. Nemorosa</i> .	Ranunculaceae.	Pulsatila.	Planta enteira.
140	<i>Ranunculus acris</i> L, <i>R. arvensis</i> , <i>R. bulbosus</i> .	Ranunculaceae.	Patelo, herba de ouro, punta loba.	Planta enteira.
141	<i>Rauvolfia serpentina</i> Benth.	Apocinaceae.	Rauvolfia.	Planta enteira.
142	<i>Rauvolfia tetraphylla</i> L.	Apocinaceae.	Pinque-pinque.	Planta enteira.
143	<i>Rhamnus catharticus</i> L.	Rhamnaceae.		Planta enteira.
144	<i>Rhamnus purshianus</i> DC.	Rhamnaceae.	Cáscara sagrada, cáscara.	Planta enteira.
145	<i>Rhododendron ferrugineum</i> L.	Ericaceae.	Rododendro.	Planta enteira.
146	<i>Rhus toxicodendron</i> L = <i>Toxicodendron quercifolium</i> .	Anacardiaceae.	Sumaquevelenoso.	Folla, froito, sementes.
147	<i>Ricinus communis</i> L.	Euphorbiaceae.	Ricino.	Sementes.
148	<i>Rubia tinctorum</i> L.	Rubiaceae.	Rubia, granza.	Raíz.
149	<i>Ruta graveolens</i> L.	Rutaceae.	Ruda.	Partes aéreas.
150	<i>Ryvea corimbosa</i> .	Convolvulaceae.	Ololiuqui.	Partes aéreas.
151	<i>Salvia divinorum</i> Epl. et Jativa.	Lamiaceae.	Salvia dos adiviños.	Planta enteira.
152	<i>Sambucus ebulus</i> L.	Caprifoliaceae.	Sabuguiño, nabeao.	Planta enteira.
153	<i>Saponaria officinalis</i> L.	Cariofilaceae.	herba xaboeira.	Planta enteira.
154	<i>Sassafras</i> sp.	Lauraceae.	Sasafrás.	Planta enteira.

N.º	Nome científico	Familia botánica	Nombe común	Toxicidade
155	<i>Saussurea lappa</i> Clarke (Decne.)Sch. Bip.	Cardueaceae. Astera- ceae.	Costo dos hortos, Mu xiang.	Raíz.
156	<i>Schoenocaulon officinale</i> A. Gray.	Liliaceae.	Cebadilla.	Sementes.
157	<i>Scilla maritima</i> L. = <i>Urginea maritima</i> Bac).	Liliaceaeáceas.	Escila.	Bulbo.
158	<i>Scopolia carniolica</i> Jacq.	Solanaceae.	Scopolia.	Planta enteira.
159	<i>Selenicereus grandiflorus</i> Britt. et Rose.	Cactaceae.	Raiña da noite.	Partes aéreas.
160	<i>Senecio vulgare</i> . <i>S. jacobeeae</i> .	Asteraceae.	Cálsamo, Herba de Santi- tiago.	Planta enteira.
161	<i>Sida acuta</i> , <i>S. cordifolia</i> .	Malvaceae.	Vasoira, vasoiriña.	Planta enteira.
162	<i>Sinomenium acutum</i> .	Menispermaceae.		Planta enteira.
163	<i>Solanum dulcamara</i> L.	Solanaceae.	Dulcamara.	Planta enteira.
164	<i>Solanum nigrum</i> L., <i>S. Laciniatum</i> , <i>S. Pseudo-quina</i> , <i>S. Sessiflorum</i> , <i>S. Toxicarium</i> .	Solanaceae.	Herba moura, uvas de can, tomate bravo.	Planta enteira.
165	<i>Sophora secundiflora</i> (Ortega) Lag; <i>S tonkinensis</i> .	Fabaceae.	Fabas do mescal.	Planta enteira.
166	<i>Spartium junceum</i> L.	Fabaceae.	Xesta de cheiro.	Planta enteira.
167	<i>Spartium scoparium</i> L. = <i>Cytisus scoparius</i> (L.) Link.	Fabaceae.	Xesta negra.	Partes aéreas.
168	<i>Spigelia marilandica</i> L.	Loganiaceae.		Planta enteira.
169	<i>Stellaria media</i> (L) Villars; <i>S dichotomae</i> .	Caryophyllaceae (Alsi- neae).	Moruxes, maruxas, herba paxareira.	Planta enteira.
170	<i>Stephania</i> sp.	Menispermaceae.	Han fang ji; fang ji.	Raíz.
171	<i>Stillingia sylvatica</i> L (Mull.).	Euphorbiaceae.	Raíz da raiña.	Raíz.
172	<i>Strophantus</i> sp.	Apocinaceae.	Estrofanto.	Sementes.
173	<i>Stropharia</i> sp.	Tricholometaceae.		Fungo.
174	<i>Strychnos nux-vomica</i> L.	Loganiaceae.	Noz vómica.	Sementes.
175	<i>Symphytum officinale</i> L.	Borraginaceae.	Consolda.	Planta enteira.
176	<i>Tabernanthe iboga</i> Baill.	Apocinaceae.	Iboga.	Raíz.
177	<i>Tamus communis</i> L.	Dioscoriaceae.	Nouza negra, uvas de can	Planta enteira.
178	<i>Tanacetum vulgare</i> L.	Asteraceae.	Herba da triaga, herba de Nosa Señora.	Sumidade florida.
179	<i>Taxus baccata</i> L.	Taxaceae.	Teixo.	Planta enteira.
180	<i>Teucrium</i> sp.	Lamiaceae.	Herba da tira, seixebra.	Partes aéreas.
181	<i>Thevetia neriifolia</i> = <i>T. peruviana</i> (Pers.) K Schum, <i>Cerbera thevetia</i> , <i>Cerbera peruviana</i> .	Apocinaceae.	Noz de cobra, chapeu de Napoleón.	Planta enteira.
182	<i>Toxicodendron quercifolium</i> = <i>Rhus toxicodendron</i> L.	Anacardiaceae.	Sumaque velenoso.	Folla, froito, sementes.
183	<i>Trichocereus pachanoi</i> .	Cactaceae.	Cacto de San Pedro. San Pedro.	Planta enteira.
184	<i>Tujha occidentalis</i> L.	Cupressaceae.	Tuia.	Partes aéreas.
185	<i>Tussilago farfara</i> L.	Asteraceae.	Tusilaxe.	Planta enteira.
186	<i>Urginea maritima</i> (L.) Baker = <i>U. scilla</i> Steinh, <i>Scilla maritima</i> L.	Liliaceae.	Escila branca, escila do Mediterráneo.	Bulbo.
187	<i>Veratrum album</i> L.	Liliaceae.	Surbia, herba do lobo.	Planta enteira.
188	<i>Veratrum californicum</i> .	Liliaceae.	Falso heléboro.	Planta enteira.
189	<i>Veratrum sabadilla</i> Retz.	Liliaceae.	Sabadilla.	Planta enteira.
190	<i>Veratrum viride</i> Aiton.	Liliaceae.	Herba do gando, herba da braña, herba chaveira.	Planta enteira.
191	<i>Vinca minor</i> L.	Apocinaceae.	Cangroia, semprenoiva, herba da envexa.	Partes aéreas.
192	<i>Vincetoxicum officinale</i> . Pers.	Asclepidaceae.	Vencetósego, herba contra- veleno.	Raíz.
193	<i>Viscum album</i> .	Loranthaceae.	Visgo, visgo.	Froit; folla.
194	<i>Vladimira souliei</i> .	Liliaceae.		Planta enteira.
195	<i>Volvaria</i> sp.	Volvariaceae.		Fungo.
196	<i>Withania somnifera</i> (L) Dunal.	Solanaceae.	Herba moura somnífera.	Planta enteira.
197	<i>Xanthium</i> sp.	Asteraceae.	Bardana menor.	Sumidade florida.